

## CONVOCATORIA DO III CONCURSO DE RELATOS CURTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Con motivo da conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres*, a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, convoca o *III Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero*.

### BASES:

1. Poderá presentarse a este concurso todo o alumnado das titulacións de 1º e 2º ciclo, grao, máster e doutoramento, matriculado na USC no curso 2019-2020.
2. Os traballos consistirán en relatos curtos en galego e formato PDF, orixinais inéditos, cunha extensión máxima de 1000 palabras (incluído o título) e temática relacionada coa violencia contra as mulleres.
3. **Lugar de presentación das solicitudes de participación:** Os traballos presentaranse na sede electrónica da USC mediante o formulario en liña dispoñible na seguinte ligazón: [https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/igualdade\\_relatos.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/igualdade_relatos.htm)  
Como medio de identificación e sinatura deberán empregarse as **credenciais de estudante** da USC.
4. **Prazo de presentación:** O prazo de presentación de traballos remata o **4 de novembro de 2019**.
5. **Procedemento do concurso e criterios de adxudicación:** O proceso do concurso poderase seguir a través do sitio web da Oficina de Igualdade de Xénero [www.usc.gal/oix](http://www.usc.gal/oix), onde se publicarán a listaxe de participación, a composición do xurado, a resolución do concurso, así como a forma de entrega de premios.
6. **Xurado:** As persoas que formen parte do xurado terán experiencia en temas relacionados coa violencia contra as mulleres e a igualdade de xénero.  
O xurado resolverán todas as cuestións non previstas nestas bases e a súa resolución será inapelable.
7. **Premios:** os premios serán:  
*Un premio* de 300 euros e diploma acreditativo.  
*Dous accésit* de 150 euros e diploma acreditativo.

Estes premios están financiados con fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Ministerio da Presidencia, Relaciones coas Cortes e Igualdade).

8. As persoas que presenten traballos a este concurso, responsabilizaranse da orixinalidade e autoría dos mesmos.
9. A Universidade de Santiago de Compostela reservase o dereito de publicar e difundir os traballos presentados, resulten ou non premiados.
10. A presentación de traballos á presente convocatoria supón a aceptación expresa das presentes bases.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

A VICERREITORA DE COMUNICACIÓN, CULTURA E SERVIZOS  
(P.D., R.R. do 20 de xuño de 2018, DOG do 29 de xuño de 2018)

María do Mar Lorenzo Moledo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA DEL MAR LORENZO MOLEDO, VICERREITORA DE COMUNICACION CULTURA E SERVIZOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/10/2019 12:42:08.

**CSV:** B446-B4A4-4764-A800